

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DECLARACIÓN DEIXAR DESERTO O PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE AGARDA PARA O POSTO DE MESTRE/A DA ESPECIALIDADE ENAE 0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO RENOVA vii

Expediente GD18359/2024

ANTECEDENTES:

Primeiro: Consta no expediente acordo de Xunta de Goberno Local de data 13 de marzo de 2025 no que se aproban as bases e convocatoria para a creación de bolsas de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE 0108 Montaxe e Mantemento de instalacións solares fotovoltaicas do obradoiro de emprego arriba mencionado, as cales foron publicadas no BOP n51 do 17 de marzo de 2025.

Segundo: Consta no expediente as correspondentes actas do tribunal que foron nomeados para ocuparse do proceso selectivo convocado.

Terceiro: Con data do 6 de maio de 2025, os membros do tribunal, reunidos para a redacción da acta IV, a cal foi publicada ós efectos oportunos de acordo co disposto nas bases que rexeron o proceso, por unanimidade dos seus membros e polas motivacións expresadas en dita acta (non poder garantirse a validación dos candidatos presentados ao proceso para poder crear a bolsa de traballo, e non existir candidatos que cumpran as prescricións establecidas no certificado de profesionalidade (acreditación docente e/ou experiencia profesional requirida) propoñen deixar deserto o proceso selectivo convocado.

Visto os antecedentes que obran no expediente e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Declarar deserto o proceso selectivo convocado mediante anuncio no BOP n51 do 17 de marzo de 2025 para a creación de bolsas de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE 0108 Montaxe e Mantemento de instalacións solares fotovoltaicas do obradoiro de emprego arriba mencionado publicadas

Segundo.- Publicar esta resolución nos taboleiros dos concellos promotores, notificar á dirección territorial e da Oficina de emprego de Santiago Centro, así como na páxina web dos dous concellos.

Terceiro.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta alcaldía durante o prazo dun mes a contar dende o día seguinte da súa publicación no taboleiro de concello de Ames ou ben recurso contencioso Administrativo no prazo de dous meses de acordo co disposto no artigo 8, e 25 da LRXCA.

En Ames á data da sinatura dixital
O alcalde

O secretario accidental

José Blas García Piñeiro

Rogelio Pardo Martínez